



## DECRETO

### ***Asunto: Aprobación de bases e convocatoria do proceso selectivo para contratación de socorrista.***

Vista a necesidade de contratación laboral temporal a xornada completa dun/ha socorrista para a campaña de verán na piscina municipal e condicionado á xeración do crédito necesario conforme á resolución do Presidente da Deputación Provincial da Coruña, número 2018/21825 de concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FOO23B/2018 "Convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos da Provincia da Coruña durante o exercicio 2018 (BOP nº 119 de 25/06/2018).

Examinadas as bases da convocatoria en relación coa selección de persoal referenciada, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación da praza vacante arriba referenciada nos termos en que figuran no expediente.

**SEGUNDO.** Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas na páxina web oficial deste Concello, [www.concellodabana.gal](http://www.concellodabana.gal) e taboleiro de anuncios da Casa do Concello da Baña.

**TERCEIRO.** Publicar simultaneamente o anuncio de convocatoria nun Diario dos de maior tirada a nivel autonómico, sendo a data deste anuncio a que servirá de referencia para o cómputo do prazo de presentación de instancias.